


PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN TRADUCIÓN E PARATRADUCIÓN



T & P

TRANSLATION & PARATranslation
TRADUCCIÓN & PARATRADUCCIÓN
TRADUCTION & PARATRADUCTION
TRADUZIONE & PARATRADUZIONE
TRADUCIÓN & PARATRADUCIÓN
TRADUÇÃO & PARATRADUÇÃO

Creado no curso académico 2004-05, o Doutoramento T&P foi o primeiro Programa de Doutoramento Internacional en rede da Universidade de Vigo. O programa investiga como ao longo da historia, a tradución e a interpretación foron prácticas fundamentais na construción de calquera cultura e na súa capacidade de cambio.

O Doutoramento T&P é o único programa de doutoramento en tradución e interpretación de toda a euro rexión Galicia-Portugal, está acreditado oficialmente e cumpre con todos os requisitos de calidade regulados por lexislación vixente.

Trátase dun posgrao de investigación que responde á demanda de formación por parte do alumnado da titulación do grao en Tradución e Interpretación. Ofrecemos un conxunto equilibrado de contidos teóricos e prácticos con vistas tanto á investigación como á preparación de profesionais da tradución e da interpretación. O conxunto das teses defendidas polo noso alumnado constitúe unha proba científica de todo o traballo de investigación levado adiante ata hoxe.



O modelo semipresencial permite cursalo completamente a distancia ou ben asistir ás sesións presenciais realizando auténticas prácticas de campo en Ciencias Humanas e Sociais. O programa de Doutoramento T&P responde á transformación teórica e metodolóxica que viviu a área científica de Tradución e Interpretación na última década, ofrecendo contidos teóricos procedentes das distintas fases de descrición, estudo e análise das actuais realidades socio profesionais da era dixital, o cal garante, desde o principio, a

continuidade entre teoría e práctica.

As grandes liñas de investigación do programa **T&P** son: filosofía e tradución; imaxe e tradución; literatura e tradución; lingüística e tradución; memoria e tradución; migración e tradución; mestizaxe, identidade e tradución; antropoloxía e tradución; pantalla e tradución; sectores estratéxicos da tradución.



O Doutoramento **T&P** ofrece modelos e protocolos de punteiras prácticas profesionais a través de convenios cos sectores profesional, empresarial e institucional que colaboran nos proxectos I+D+i do Grupo de Investigación T&P. Procura-se responder ás necesidades existentes nos ámbitos das tecnoloxías da información, do turismo, da publicidade, das industrias da cultura, e, por suposto, da divulgación científica do coñecemento. Como exemplo sirvan os tres programas Web-TV de divulgación científica dedicados ao mundo da tradución e interpretación: Zig-Zag, Exit e Pímulas T&P. Programas TV en liña do Grupo de Investigación T&P que pretenden apoiar a formación e valorizar a investigación básica, o desenvolvemento e a innovación, así como a propia transferencia produtiva do coñecemento. Non deixe de visitar a nosa páxina web : <http://paratraduccion.com/doctorado/>